

XXV REBUMBIO MATEMÁTICO 2025-2026

Alumnado de 6.º de Educación Primaria

Organiza:

Asociación Galega
do Profesorado de
Educación Matemática



Colabora no seu financiamento o Concello da Coruña



Colabora no seu desenvolvemento o Centro de Formación e Recursos da Coruña



A Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) na súa intención de establecer e manter vivo o contacto permanente cos centros de Educación Primaria e co seu profesorado, especialmente co de matemáticas, convoca, por vixésimoquinta vez, esta actividade, coa finalidade de contribuír á mellora da educación en xeral, e do proceso de ensinanza-aprendizaxe das matemáticas en particular.

Trátase dunha proposta centrada na resolución de problemas, que tenta fomentar o espírito cooperativo **traballando en grupo**, de aí a súa estrutura.

Os retos matemáticos a desenvolver serán variados, de xeito que motiven aos participantes.

XXV REBUMBIO MATEMÁTICO PARA O ALUMNADO QUE CURSA 6.º DE EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

BASES

1. Participantes:

Poden participar todos os estudantes dos centros educativos de Galicia matriculados en 6.º de Educación Primaria no período 2025/2026, formando equipos de tres, traballando na resolución dos problemas de **xeito cooperativo**.

A efectos territoriais distínguense sete zonas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Os centros que desexen participar formalizarán, antes do 1 de marzo de 2026, a súa inscrición en liña, indicando o número de equipos (máximo un por clase) que van intervir, e o profesorado responsable, no [formulario de inscrición de centros](#).

A comunicación cos participantes realizarase a través dos enderezos electrónicos que se nos faciliten. *É importante que proporcionen dous enderezos diferentes (o do profesor e mais o do centro) por se houbese un erro nalgún deles.*

Para calquera comunicación coa organización débese utilizar o correo electrónico rebumbio@agapema.org

Os gastos de desprazamento e outros que se puideran derivar da participación no Rebumbio correrán por conta dos participantes.

2. Comité Coordinador:

O Comité Coordinador está constituído por membros de AGAPEMA.

En cada zona constituirase un grupo encargado de organizar a Fase de Zona.

O Comité Coordinador ten entre as súas funcións nomear o xurado da Fase Final Galega.

3. Fases do Rebumbio.

O XXV Rebumbio Matemático consta de tres fases:

3.a) Fase de Centro:

Durante o mes de marzo, cada profesor ou profesora debe poñer en marcha na súa clase ou clases un proceso **cooperativo** de resolución de problemas, de xeito que todo o alumnado teña participación. Unha vez rematado este proceso, cada docente decidirá cal será o equipo de tres estudantes de cada aula que enviará á Fase de Zona.

Cada centro pode participar cun equipo de tres compoñentes por cada unha das súas unidades (grupo-clase) de 6.º de Educación Primaria.

Os equipos participantes deben adoptar un nome relacionado coas matemáticas: nome dun matemático (Gauss, Pitágoras, Thales, Ada Lovelace, Hipatia, Emma Castelnuovo, Miguel de Guzmán, Rey Pastor, María Wonenburger, Puig Adam...), teorema, corrente, unidades de medida, números, xeometría, azar, operación, signo...

Antes do 1 de abril de 2026, cada Centro comunicará os nomes dos participantes que forman cada equipo cubrindo a ficha do [formulario de inscrición de equipos](#).

Pódense consultar os problemas doutras edicións no enderezo: <https://agapema.org/actividades/rebumbio-matematico/> ou na propia web de AGAPEMA <http://www.agapema.org>

3.b) Fase de Zona:

A celebración desta fase terá lugar o venres, 24 de abril, ás 10:30 h en cada unha das sedes: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

De non haber un mínimo de 5 grupos nalgunha das zonas, a organización propondrá a súa xuntanza con outra próxima.

Cada centro participará no lugar que designe a organización. Comunicaráselles oportunamente aos centros inscritos, a través dos correos electrónicos facilitados, tanto o lugar coma as condicións de desenvolvemento.

A proba, que será a mesma e simultánea para todas as zonas, consistirá na resolución de **CINCO** problemas por parte dos tres membros de cada equipo traballando **conxuntamente**, de maneira cooperativa. **Non se trata de repartir os problemas entre os tres participantes, senón de traballar entre os tres cada un dos problemas.** Na valoración das respostas primará o método de resolución empregado, a súa orixinalidade, as estratexias utilizadas, os procedementos de representación, a expresión escrita do proceso seguido, o emprego correcto de unidades, etc., por riba da mera solución.

Os participantes aportarán o material que consideren necesario para a resolución das probas (bolígrafo, lapis, regra, calculadora...), xa que só se lles facilitará papel DIN A4. Non se permite a utilización de libros de texto, notas, nin aparellos conectados a redes, coma teléfonos móbiles ou dispositivos similares. Se para algún problema precisan información adicional, sempre se lles facilita xunto co problema.

As respostas deben estar escritas con bolígrafo de tinta azul ou negra. Non se entregarán respostas en lapis nin tinta encarnada.

Durante o desenvolvemento da proba, o comité organizador fará un reparto proporcional entre as diferentes zonas (segundo o número de equipos presentados en cada unha delas) das 15 prazas que hai para a final. Este número será comunicado en cada zona antes de rematar a proba.

Os resultados serán publicados na web o día 1 de maio de 2026.

3.c) Fase Final Galega:

A Fase Final terá lugar o 22 de maio, venres, ás 10:30 h, na Coruña, na Facultade de Ciencias da Educación.

A organización desta fase corre a cargo de AGAPEMA coa colaboración do Concello da Coruña, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través dos Centros de Formación e Recursos e da Universidade da Coruña.

O Xurado da Fase Final encargarse da valoración das probas e decidirá os equipos gañadores. O seu fallo será inapelable. A corrección realizarase asegurando tanto o anonimato de cada participante como o do centro de procedencia. Non se fará pública, en ningún caso, a puntuación obtida por cada equipo participante.

Entregarase un diploma acreditativo a todos os participantes da Fase Final Galega. Os tres equipos participantes que demostren unha maior destreza na resolución de problemas recibirán, ademais do diploma acreditativo, un obsequio.

Na segunda e terceira fase cada alumno deberá identificarse, inescusablemente, co seu DNI ou, no seu defecto, cun certificado acreditativo da secretaría do Centro no que conste a súa data de nacemento e o nivel de Educación Primaria no que se atopa.

4. Olimpiada Matemática Nacional Alevín

Os tres alumnos do grupo que quede mellor clasificado no Rebumbio Matemático representarán a Galicia na VIII Olimpiada Matemática Nacional Alevín, que se celebrará en Barcelona, do 24 ao 27 de xuño. Os tres alumnos viaxarán acompañados por unha persoa de AGAPEMA, designada pola organización.

Este evento está organizado pola **Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas**, e nel participan tres estudantes en representación de cada asociación, agás os organizadores, que presentan seis.

Nesta ocasión a Federació d'Entitats per a l'Ensenyament de les Matemàtiques a Catalunya (FEEMCAT), é a encargada do seu desenvolvemento.

Nota: Se os compoñentes do grupo clasificado en primeiro lugar non puidesen participar por algún motivo, pasaría este dereito aos estudantes do grupo que quede en segundo lugar.

Interpretación: A interpretación das bases correspóndelle ao Comité Coordinador.

O XXV REBUMBIO MATEMÁTICO DÍA A DÍA.

DATA	HORA	TAREFA	OBSERVACIÓNS
Antes do 1 de marzo		Inscripción do centro no XXV Rebumbio Matemático formulario de inscrición de centros	
Antes do 1 de abril		formulario de inscrición de equipos	Nome do equipo e os participantes que representarán a cada clase
24 de abril	10:30	Fase de Zona en cada unha das sedes	Identificación de participantes
1 de maio		Publicación na web dos finalistas	www.agapema.org
22 de maio	10:30	Final do XXV Rebumbio Matemático na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña	Identificación de participantes

